

Sr. Bispo:

Quen subscribe este escrito, cuxos datos de filiación completos constan ó final do documento, maior de idade, e en pleno uso das súas facultades e dereitos, comparece ante vostede a través deste medio co fin de manifestar o que é a súa vontade, libre e querida, e nos aspectos que se relacionarán seguidamente:

PRIMEIRO.- Que non puidendo hachar no Código de Dereito Canónico vixente un procedemento axeitado e específico para poder canalizar a tramitación do pedimento que motiva o presente escrito, se lle dirixe a vostede, como Ordinario da diócese na que vive quen neste aspecto comparece, a tenor das seguintes consideracións:

- a) O canon 393 do Código de Dereito Canónico (CDC) dispón que «O Bispo diocesano representa á diócese en todos os negocios xurídicos da mesma».
- b) O canon 383 #1 do CDC, establece que «Ó exercer a súa función pastoral, o Bispo diocesano debe mostrarse solícito con todos os fieis que lle son confiados, calquera sea a sexa a súa idade, condición ou nacionalidade, tanto se habitan no territorio como se se encontran nel temporalmente, manifestando o seu afán apostólico tamén a aqueles que, polas súas circunstancias, non poden obter suficientemente os froitos da cura pastoral ordinaria, así como a quen se teña apartado da práctica da relixión».
- c) O canon 751 do CDC, define a apostasía como o «rexeitamento total da fe cristiá».

SEGUNDO.- Que o feito de ter recibido o bautismo, ó pouco de nacer, no seo da Igrexa católica, por unha decisión familiar unilateral –sen dúbida presionada polo costume social que fai séculos impuxo a Igrexa a pesar de ser contraria aos Evanxeo que, tal como é de lóxica, postulan o bautismo na idade adulta e baixo a propia decisión e responsabilidade do bautizado–, implicou que se lle negaran a quen subscribe todos os dereitos que xurídicamente lle correspondían e corresponden e, de facto, se lle obrigou a formar parte activa de un determinado núcleo de crenzas. Nese acto, a Igrexa aproveitou non só que a facultades intelectivas de quen comparece aínda non se desenvolveran e, por iso, non podía analizar e reflexionar sobre tales crenzas a fin de poder aceptalas ou rexeitalas, se non que, a máis abondamento, se lle obrigou tamén a profesar unha fe pola forza e sen a preceptiva etapa de información e formación previa que debe garantir todo proceso de conversión. En consecuencia, salvando daquel acto a sen dúbida boa vontade da familia de quen subscribe, aínda non desculpando o engano doutrinal e o abuso de posición

dominante da Igrexa dentro da oferta relixiosa da nosa sociedade, quen comparece debe enfatizar plenamente en canto ó dereito de liberdade ideolóxica e outros concomitantes, polo que se afirma sen lugar a dúbidas que o acto de aceptación que supón o bautismo quedou viciado pola absoluta falta de vontade activa por parte do aceptante e, por iso, debe reputarse nulo de pleno dereito a todos os efectos eclesiásticos e civís.

TERCEIRO.- Que o feito de ter recibido o bautismo non é un mero «feito histórico, que non prexulga nada», tal como sostén a Igrexa católica fronte a pedimentos como a presente; antes ó contrario prexúlgao todo ó ser o bautismo, precisamente, o acto que, per se, convirte en membro da Igrexa católica. No Catecismo actual afírmase en moitos dos seus puntos que o bautismo supón a incorporación á Igrexa (así, por exemplo, no parágrafo número 1267 se di que «O Bautismo fai de nós membros do Corpo de Cristo (...) O Bautismo incorpora á Igrexa...»; e no número 1273 se di «Incorporados á Igrexa polo Bautismo, os fieis teñen recibido o carácter sacramentario que os consagra para o culto relixioso cristián...») e no Código de Dereito Canónico vixente, no seu Título I, denominado «Das obrigas e dereitos de todos os fieis», enuméranse as obrigas que lle corresponden a todo bautizado... en resumo, que o bautismo convirte a quen o recibe en membro activo dunha organización que ten dereitos e deberes a partir da acta de aceptación de ser membro (bautismo). Esta realidade incuestionable obriga, por Lei, a que a organización teña un proceso claro, rápido e gratuito para desasociarse e para rectificar os datos persoais.

En virtude do expresado até aquí por quen comparece que, ademais, declara ter reflexionado con madurez e independencia sobre a súa adscripción involuntaria na Igrexa católica e a fe que postula, quen subscribe acóllese ó seu inalienable dereito á liberdade de conciencia e ó dereito de elección e decisión sobre calquera aspecto que lle afecte para, mediante a presente declaración saída da súa vontade consciente e soberana, expresar a súa total e definitiva oposición a formar parte, nin sequera como mero apunte estatístico, da Igrexa católica.

O comparecente declara tamén coñecer e aceptar as consecuencias eclesiásticas derivadas da súa apostasía. Entre elas, a exclusión dos sacramentos da penitencia, eucaristía e unción de enfermos (agás caso de arrepentimento); as dificultades para contraer matrimonio canónico con un/unha católico/a (en función do prescrito polo Código de Dereito Canónico cánon 1071 § 1, 4º e § 2); as dificultades e incluso impedimento

para poder bautizar a fillos menores (con base ó expresado polo canon 868 § 2); e a privación de exequias eclesiásticas públicas (canon 1184 § 1. 1º).

Aínda que o dito sexa máis ca suficiente para que se acceda ó xa expresado e ó que se solicitará máis abaixo, quen comparece acode ó Código de Dereito Canónico e declara encontrarse de pleno na situación descrita no canon 751 do citado texto normativo cando afirma que «Chámase herexía á negación pertinaz, despois de ter recibido o bautismo, dunha verdade que se ten que crer con fe divina e católica, ou á dúbida pertinaz sobre a mesma; apostasía é o rexeitamento total da fe cristiá; cisma, o rexeitamento da suxeición ó Sumo Pontífice ou da comunión cos membros da Igrexa a el sometidos».

En virtude do manifestado, SOLICITO:

1o Que se proceda sen dilación a consideráreme apóstata da Igrexa católica e que abonde para iso a miña vontade soberana expresada neste documento, sen que faga falta –e xa expreso aquí a miña total oposición– que teña que falar, recibir consello ou asesoramento de ninguén, sexa clérigo ou laico, e sen que teña que repetir o meu pedimento ante ningún notario, sexa eclesiástico ou civil. A miña vontade e pedimento van avalados pola miña sinatura e coa debida acreditación de indentidade mediante a presentación, neste acto, de orixinal e copia do meu documento de identidade.

2o Que se formalice xurídicamente e documentalmente o recoñecemento e inscrición pública do acto de apostasía que neste acto se declara sen deixar lugar a dúbidas. Dado que o bautismo, que me identifica como membro da Igrexa católica, consta de un rexistro público baixo control privado (Libro de Bautizos parroquial), de igual maneira solicito que o meu acto de apostasía teña transcendencia, relevancia e efectos públicos.

3o Que se dean as instrucións precisas e axeitadas para que se remita a quen asina este escrito un documento con acuse de recibo no que se manifeste de forma clara e indubitada a concreción de apostasía á que en conciencia e en dereito pode e debe acceder quen comparece mediante este escrito, tal como manifesta este acto, e se certifiquen todos e cada unha das mudanzas realizadas en canto ó estatus de quen comparece no seo da Igrexa católica e dos seus ficheiros. O documento de acuse de recibo deberá conter, ademais dos datos acabados de citar, a súa data de emisión e a antesinatura, rúbrica e selo de quen o emita.

Deberá facerse constar necesariamente e sen ambigüidade ningunha, que ninguén, xa for persoa ou institución pertencente á Igrexa católica, ou a calquera outra institución, particular ou pública, usará en modo algún nin para finalidade ningunha, lícita ou ilícita, os datos e circunstancias

persoais –facilitados pola familia de quen subscribe, ou por calquera outros, civís ou eclesiásticos, a causa do acto do bautismo ou de calquera outro sacramento ou circunstancia– ou calquera outros que atinxan a quen subscribe e que consten nos rexistros de calquera tipo pertencentes a persoas ou institucións da Igrexa católica.

Moi particularmente se esixe ó responsable da Igrexa católica a quen se dirixe este acto que, nun prazo non superior ós dous meses, tramite ante a Igrexa de Xesucristo dos Santos dos Últimos Días (Igrexa mormona) con sede na Utah, a eliminación de datos rexistrados de quen comparece e de todos os seus familiares, vivos ou falecidos, que esa Igrexa posúa de forma ilexítima desde que as dióceses católicas lle permitiran microfilmaren os seus rexistros parroquiais e utilízaos para os seus fins privados, todo iso sen a autorización de millóns de afectados cuxos datos figuran informatizados na base de datos familiares que esa relixión ten a bo recado baixo unha montaña de granito en Little Cottonwood (Salt Lake City). Dese trámite deberá darse conta documental indubitada a quen subscribe este documento.

No caso de non materializarse este pedimento, quen comparece resérvase o dereito de denunciar á Igrexa católica ante a Axencia Española de Protección de Datos por vulneración do articulado da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999 do 13 de decembro (LOPD), referente á cesión de datos de carácter persoal.

4o A pesar de que quen comparece coñece a Sentenza con data 19 de setembro de 2008 da Sala Terceira, Sección Sexta, do Tribunal Supremo sobre o recurso de casación número 6031/07, coñece e comprende o que implica o considerar que os libros de bautizo non se poden considerar ficheiros a efectos de aplicación da LOPD, e que están na obriga de acatar, mentres non haxa cambio lexislativo, a doutrina emanada de dita sentenza, tamén entende que a Igrexa católica, aínda que non estea obrigada legalmente a inscribir un apunte rexistral coa nota de apostasía no Libro de Bautizos, pode facelo sen ningún impedimento se a así o decide. Por esta razón, con base na necesidade de honrar á verdade en todo momento que pode e se lles debe esixir ós responsables da Igrexa católica, solicito:

- a) Que todos os datos de carácter persoal e circunstancias de quen subscribe sexan cancelados a todos os efectos de calquera apunte rexistral, estatístico ou outro (sexa considerado ou non “ficheiro” segundo a LOPD), e moi particularmente que sexan rectificadas os datos do Libro de Bautizos que mantén a Igrexa católica, xa for nunha parroquia o en calquera outro lugar.

Aínda que a sentenza do TS citada exime nestes momentos á Igrexa católica das obrigacións derivadas do artigo 4.3 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter persoal 15/1999 do 13 de decembro, que establece que «Os datos de carácter persoal serán exactos e postos ó día de forma que respondan con veracidade á situación actual

do afectado», en honor á verdade e do dereito a unha imaxe social adecuada á realidade que asiste a quen comparece, solicita que mediante unha anotación marxinal clara e concreta na páxina do Libro de Bautismos onde figure anotado o de quen comparece, se faga constar o exercicio do dereito canónico de apostatar que abre o canon 751 do CDC.

- b) Que se traslade copia fidedigna do presente documento e do que no dereito civil e canónico debe ser a súa consecuencia, ó actual responsable da parroquia na que consten os datos de bautizo e outros de quen subscribe a fin de que inscriba, na forma e lugar axeitados, xunto á anotación bautismal orixinal, a anotación que certifique a apostasía que neste acto se reclama e formaliza por parte de quen subscribe.

En mérito do exposto, solicítase o cumprimento de todas e cada unha das demandas reseñadas e debidamente fundamentadas, polo que se rubrica o presente documento na cidade de _____, en data de _____ do ano _____.

Atentamente,

Asdo:

D.N.I. num.:

Anexo: Xunto ó presente escrito se achega fotocopia do documento nacional de identidade a fin de que poida ser verificara a autenticidade da sinatura e a identidade do comparecente.

Datos de filiación completos de quen subscribe o presente documento e pedimento:

– Nome e apelidos:

Domicilio a efectos de recibir comunicacións en relación ó presente escrito:

– Rúa/Praza:

– Cidade:

– Provincia:

– Documento nacional de identidade número:

– Data de nacemento:

– Lugar de nacemento:

Nome e datos da parroquia católica na que se celebrou o bautismo:

– Nome da parroquia:

– Dirección da parroquia:

– Cidade:

– Data do bautizo (se se coñecer):

© P.R.

Escrito e pedimento dirixidos ó representante da Igrexa católica que se cita seguidamente:

Bispo:

Diócese:

Dirección:

Cidade:

Provincia: